

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Diego Alcantarilla Rei
D^a María Dolores Pan Lesta
D^a María Mercedes Prieto Lamas
D. Daniel Mallo Castro
D^a Patricia María Parceró Quiñoy
D. David López Saborido

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día catorce de novembro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar Alfonso García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Diego Alcantarilla Rei, D^a. María Dolores Pan Lesta, D^a. María Mercedes Prieto Lamas, D. Daniel Mallo Castro, D^a. Patricia María Parceró Quiñoy e D. David López Saborido.

Asisten á sesión a interventora municipal, D^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria xeral, D^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2023 E SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 31 de outubro de 2023 e á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de novembro de 2023, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizadas en data 31 de outubro de 2023 e 7 de novembro de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de 3 de novembro de 2023 pola que se amplía o prazo de xustificación das subvencións convocadas ao abeiro da Orde de 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais

de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K). DOG núm. 213, do 09-11-2023.

-Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o anexo I incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 268, do 09-11-2023.

- Convocatoria da excma. Deputación provincial da Coruña, do programa de subvencións dirixido a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña para actividades durante oa no 2024. BOP núm. 215, do 10-11-2023.

- Lei 6/2023, de 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 215, do 13-11-2023.

- Orde da Consellería de Economía, Industria e Innovación, de 8 de novembro de 2023, pola que se amplía o prazo de presentación da documentación xustificativa establecida na Orde de 20 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a entidades locais para actuacións destinadas ao acondicionamento e mellora das instalacións dos espazos termais de uso lúdico da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN308C). DOG núm. 216, do 14-11-2023.

3.- PROPOSTAS

3.1. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONTRATO MIXTO (SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN) PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE NADAL 2023-2024 (TEDEC NÚM. 2023/C005/000010)

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 9 de novembro de 2023 (CVD: YqgjHZ373qp38q0SirKL), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que no expediente do contrato mixto (servizos e subministración) para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2023-2024 (TEDeC núm. 2023/C005/000010) consta a memoria xustificativa de necesidade e da insuficiencia de medios asinada polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da ADL, o día 11.08.2023 (CVD: 3U5s9ImM7fQWNOkXlc2).

Visto que no expediente consta o informe técnico relativo aos criterios de adxudicación, criterios para identificar as ofertas anormalmente baixas, criterios de solvencia, condicións especiais de execución e réxime sancioandor, asinado polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da ADL, o día 20.10.2023 (CVD: F1TjDAQsbwpCys0p3ioY).

Visto que no expediente consta o prego de prescricións técnicas asinado polo técnico en promoción económica, coa conformidade da responsable da ADL, o día 24.10.2023 (CVD: 2sITMgExISPERmCy56yc).

Visto que no expediente consta no expediente documento de retención de crédito con cargo ás aplicacións orzamentarias 433 22699 por importe de 57.950,00 euros e 433 48100 por importe total de 19.500,00 euros (Código para validación: QRFSN-IY1HEC3YDG)

Visto que no expediente consta o prego de cláusulas administrativas que consta no expediente (CVD: NS78RpE/fQZ9f2dr3dp5).

Visto o informe favorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral dona Verónica María Otero López, coa conformidade da secretaria xeral, o día 25.10.2023 (CVD: kdO6T7TGliMLwpO6iuub).

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola interventora municipal o día 09.11.2023 (CVD: bBkr5vtOkDxppwyE+w+).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o expediente do contrato mixto (servizos e subministración) para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2023-2024 (TEDeC núm. 2023/C005/000010), cun prazo de duración que abarcará dende o día seguinte a súa formalización ata o 15.01.2024, para cada un dos diferentes lotes, cun valor presuposto base de licitación de 63.450,00 euros (IVE incluído) e un valor estimado de 52.802,97 euros.

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: NS78RpE/fQZ9f2dr3dp5) e de prescricións técnicas (CVD: 2sITMgExISPERmCy56yc).

Terceiro: Aprobar o gasto polo importe de 63.450,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 433 22699 e 433 48100.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

- Presidenta: A Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Réxime Interior dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Concelleiro-delegado da área de Urbanismo e Obras don Juan González Leirós.

- Vogais:

- A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/afuncionario/a que legalmente a substitúa.
- A interventora e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.
- A técnica de xestión de administración xeral, Verónica María Otero López.
- A axente de desenvolvemento local, Sonia Machín Herranz e, como suplente, a axente de emprego e desenvolvemento local, Beatriz Castro Pico.

- Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao departamento de secretaría, dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

Quinto: Publicar este acordo mediante o correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, e dispoñer a apertura do procedemento de licitación; isto, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 9 de novembro de 2023 (CVD: YqgjHZ373qp38q0SirKL), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. PROPOSTA RELATIVA Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ADJUDICATARIA IMPLICATUM CONSULTORÍA, S.L. PARA O LOTE 3 “SERVIZOS DE SENSIBILIZACIÓN, APOIO TÉCNICO E SEGUIMIENTO DA CAMPAÑA E SERVIZOS TECNOLÓXICOS RELACIONADOS COA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DO NADAL 2022-2023” DO CONTRATO DAS “SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL DO NADAL 2022 – 2023 (TEDEC NÚM 2022/C005/00012)

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 9 de novembro de 2023 (CVD: z4iJbhf/X0tuaM+LAqQr), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local de día 20 de decembro de 2022 acordou adjudicar o Lote 3 “Servizos de sensibilización, apoio técnico e seguimento da Campaña e servizos tecnolóxicos relacionados coa campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 – 2023” á empresa IMPLICATUM CONSULTORÍA, S.L. no prezo ofertado de 9.660,74 euros sen IVE (11.689,49 euros IVE incluído) . Exp: 2022/C005/0000012.

Visto que no antedito expediente depositouse unha fianza definitiva constituída mediante transferencia bancaria, de data 24 de novembro de 2022 por importe de 483,04 euros (núm. de rexistro 1106).

Vista a solicitude presentada por Dona María Gladys Bahamonde Lareo, en representación da empresa IMPLICATUM CONSULTORÍA, S.L, con data 4 de outubro de 2023 e nº de rexistro de entrada 202399900006489, na que solicita a devolución da fianza depositada para garantir a correcta execución do contrato.

Visto o informe asinado con data do 26.10.2023 (CVD: lseeE9fpWww1R8ZgxQNx) polo técnico en Promoción Económica José Luis González Cardalda, no que entre outras cousas sinala que:

“(…)

Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía do contrato correspondente ao lote nº 3 do contrato de referencia, e realizadas satisfactoriamente a totalidade das

prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE,**

Primeiro. Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato correspondente ao lote 3 “Servizos de sensibilización, apoio técnico e seguimento da Campaña e servizos tecnolóxicos relacionados con mesma” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 - 2023”, expediente número 2022/C005/000012, á empresa “**Implicatum Consultoria, S.L.U.**”, ascendendo o importe da devandita garantía á cantidade de **483,04 euros.**

(...)”

Visto o informe de intervención referencia LMR devolución garantía LOTE 3 EXPEDIENTE 2022.C005.000012 /2023 asinado con data do 08.11.2023 (CVD: UQCbV/maPMn5tYreGLgtl), no que entre outras cousas sinala que:

(...)

III) CONSIDERACIONES

Primeira: Responsabilidades a que están afectas as garantías.

O artigo 110 da LCSP dispón:

“La garantía definitiva únicamente responderá de los siguientes conceptos:

a) De la obligación de formalizar el contrato en plazo, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 153.

b) De las penalidades impuestas al contratista conforme al artículo 192 de la presente Ley.

c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

d) De la incautación que puede decretarse en los casos de resolución del contrato, de acuerdo con lo que en él o en esta Ley esté establecido.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”

Por outra banda, as cláusulas 22 e 27 das dos pregos de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de nadal 2022 – 2023 (CVD: QIZpwwQJzOBYa4/ZyutS) son do seguinte tenor literal:

“22. PENALIDADES ADMINISTRATIVAS. INFRACCIONES Y SANCIONES .

(...)

El importe de las penalidades impuestas se deducirá por la Administración municipal del importe a percibir por la empresa por los servicios que presta, o, en su caso, de la garantía definitiva.

27. RECEPCIÓN Y PLAZO DE GARANTÍA.

El contrato se entenderá cumplido por el contratista cuando este haya realizado, de acuerdo con los términos del mismo y a satisfacción de la Administración, la totalidad de la prestación que comprende cada uno de los lotes que lo integran y de los cuales resulte adjudicatario, de conformidad con lo previsto en el artículo 210 de la LCSP.

El contrato tendrá un plazo de garantía de un mes a partir de la fecha en que se efectúe el acto formal haciendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos los trabajos correspondientes al objeto del lote del contrato.

Transcurrido dicho plazo sin que el Ayuntamiento formulase objeción alguna, quedará extinguida la responsabilidad del contratista.

Si durante el plazo de garantía se acreditara la existencia de vicios, defectos u omisiones en las obligaciones a su cargo o en los trabajos efectuados, el órgano de contratación tendrá derecho a reclamarle al contratista la recuperación del precio satisfecho.

Finalizado el plazo de garantía sin que la Administración hubiera formalizado alguno de los reparos o la denuncia referida, el contratista quedará exento de responsabilidad por la prestación efectuada.

Después de cumplido el objeto del contrato y prestada la conformidad por la Administración, se le dará curso a la cancelación de la garantía definitiva(....)”

Segunda: O informe asinado 26.10.2023 (CVD: IseeE9fpWwv1R8ZgxQNx) polo técnico en Promoción Económica

De conformidade có informe asinado o 26.10.2023 (CVD: IseeE9fpWwv1R8ZgxQNx) polo técnico en Promoción Económica:

“(...) Fundamentos de dereito

*1. No PPTP para a adxudicación da contratación mixta de subministracións e servizos para o desenvolvemento da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal 2022 - 2023 se definía de forma precisa, con relación ao lote nº 3, o obxecto do contrato e a súa descrición, **axustándose os servizos prestados pola empresa Implicatum Consultoría, S.L.U., en canto as características e calidade ao contemplado no mesmo**, tal e como quedou recollido no “Informe sobre os servizos de sensibilización e prestación de apoio técnico aos establecementos participantes na Campaña do Nadal, parametrización, configuración, actualización da APP Disfruta Cambre e creación dunha web para o Concurso de Escaparates” asinado polo técnico que subscribe con data 22 de marzo de 2023 (CVD: ZKXb4VB0kbsz5WZxZMYU),*

(...)

3. Con relación ás condicións especiais de execución do contrato establecidas na cláusula 20 do PCAP, consistentes en el respecto das condicións salariais e laborais do persoal asignado ao contrato no convenio colectivo de referencia e na correcta xestión dos residuos xenerados durante a execución del contrato e garatará a súa correcta xestión, non é coñecedor o técnico informante de incumprimentos de ningunha das anteriores condicións especiais, empregando os medios propios da empresa e os facilitados polo Concello par a xestión dos residuos xenerados, deixando os espazos ocupados en idénticas condicións ás existentes antes da súa utilización

(...)

As prestacións obxecto do presente informe enténdense cumpridas polo contratista ao terse realizado, de conformidade cos termos do contrato e a satisfacción da Administración, a totalidade das mesmas, de conformidade co previsto no artigo 210 da LCSP (cláusula 27ª do PCAP). O contrato tiña un prazo de garantía de un mes a partir da data en que se efectuou o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao obxecto do contratos (cláusula 27ª do PCAP), podendo tomarse, aos efectos de constancia da referida data , a da sinatura do “Informe sobre os servizos de sensibilización e prestación de apoio técnico aos establecementos participantes na Campaña do Nadal, parametrización, configuración e actualización da APP Disfruta Cambre e creación dunha web para o Concurso de Escaparates” xa indicado, de data 22 de marzo de 2023 (CVD: ZKXb4VB0kbsz5WZxZMYU).

Transcorridos o prazo de execución contemplado nos pregos de prescricións e de garantía do contrato correspondente ao lote nº 3 do contrato de referencia, e realizadas satisfactoriamente a totalidade das prestacións obxecto de contratación, e considerando que o órgano competente para efectuar a devolución das garantías do presente contrato é a Xunta de Goberno Local, **PROPONSE**,

Primeiro. Aprobar á devolución da garantía definitiva do contrato correspondente ao lote 3 “Servizos de sensibilización, apoio técnico e seguimento da Campaña e servizos tecnolóxicos relacionados con mesma” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 - 2023”, expediente número 2022/C005/000012, á empresa “Implicatum Consultoria, S.L.U.”, ascendendo o importe da devandita garantía á cantidade de 483,04 euros (...)

Terceira: Extremos obxecto de comprobación

- ✓ O informe técnico é favorable á cancelación ou devolución, por transcorrer o prazo de garantía e realizarse a prestación a plena satisfacción.
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento das penalidades impostas ao contratista
- ✓ A garantía non está afecta o cumprimento de obrigacións derivadas do contrato, gastos orixinados á Administración por demora do contratista no cumprimento das súas obrigacións e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento do mesmo sen resolución
- ✓ A garantía non foi incautada por resolución do contrato
- ✓ Non constan ordes de embargo de autoridades xudiciais ou administrativas, sobre créditos pendentes

IV)CONCLUSIONS

Infórmase **favorablemente** a devolución de la garantía depositada o 24.11.2022 por **IMPLICATUM CONSULTORIA, S.L.** por importe de 483,04 € en concepto de **LOTE 3 DINAMIZACIÓN COMERCIAL NAVIDAD 2022/23 EXPEDIENTE 2022/C005/000012**.

(...)"

A teor do establecido nos arts. 107-111 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1072/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Devolver a garantía constituída pola empresa adxudicataria **IMPLICATUM CONSULTORÍA, S.L.** para o Lote 3 "Servizos de sensibilización, apoio técnico e seguimento da Campaña e servizos tecnolóxicos relacionados coa campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023" do contrato das "Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 – 2023, Exp: 2022/C005/00012, polo importe de 483,04 euros.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado e dar traslado do mesmo a Intervención e Tesourería municipais.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 9 de novembro de 2023 (CVD: z4iJbhf/X0tuaM+LAqQr), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONTRATO DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA XUNTANZA DO MAIOR A CELEBRAR O DÍA 21 21.01.2024. (TEDEC NÚM 2023/C004/000021)

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 10 de novembro de 2023 (CVD: qsVPura2UED5xN6uVsTi), que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA RÉXIME INTERIOR PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vista que consta no expediente TEdC núm. 2023/C004/000021 a memoria xustificativa de necesidade, idoneidade e insuficiencia de medios para a contratación da organización e execución da XV Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre o día 21.01.2024 asinada con data do 09.11.2023 pola coordinadora de servizos sociais (CVD: Pogkvq0hwzvkgObSfRAp).

Visto que consta no dito expediente o prego de prescricións técnicas asinado con data do 09.11.2023 pola coordinadora de servizos sociais (CVD: UUurxY2eb2bNjTYylu50).

Visto o informe técnico que consta no expediente asinado con data do 08.11.2023 pola coordinadora de servizos sociais (CVD: FzdCru/PGK6qioaW+fIP).

Visto que consta no expediente o documento retención crédito de data 22.09.2023, por importe de 36.545,49 euros con cargo á aplicación orzamentaria 231 22611 (Código para validación: CBMQ5-RSQT4-2C6UQ).

Visto o prego de cláusulas administrativas que consta no expediente (CVD: wnLWiN4lrUy36QhMo4v7).

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, dona Verónica María Otero López, coa conformidade da secretaria xeral, con data do 10.11.2023 (CVD: M8oD1OaapTWcv+AlMYWr) que, entre outras cousas, di:

“(…)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O PCAP (CVD: wnLWiN4lrUy36QhMo4v7) que se examina neste informe contén unha única modificación respecto do PCAP (CVD: exln0elxm1vb9n8P95z) xa informado pola técnica que subscribe, coa conformidade da secretaria xeral, o día 26.10.2023 (CVD: mZE0QhmKZEJJBcTMhr5). A dita modificación refírese á data de celebración do evento (prazo de execución da prestación, cláusula 9 do PCAP e apartado 6 do cadro de características), que agora se prevé para o vindeiro 21.01.2024.

Segunda.- Danse por reproducidas as consideracións xurídicas do citado informe (CVD: mZE0QhmKZEJJBcTMhr5) de data 26.10.2023.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: wnLWiN4lrUy36QhMo4v7) e, polo tanto, o expediente de contratación.

É o que expoño neste informe coas cautelas e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

(…)”.

Visto o "INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA XUNTANZA DO MAIOR 2023 A-BIS 3/2023" emitido pola interventora municipal con data do 10.11.2023 (CVD: NikUk7nJvprsPFyfj4Z3) coas seguintes conclusións:

"(...)

D. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado con observacións

- **X*.A:** O prazo de execución segue a resultar confuso para os licitadores ou mesmo incongruente por canto a cláusula 9 PCA detalla que a data de realización é o 21 de xaneiro de 2024 pero a cláusula 3 PCA denominada Objeto del contrato. SERVICIO DE CARPAS dispón que "(...) Las carpas tendrán que estar montadas con la suficiente antelación, a partir de las 16:00 horas del viernes anterior al evento y desmontadas antes de las 9:00 horas de la mañana del día siguiente. (...) Al día siguiente a la celebración del evento se deberán desmontar por la mañana en horario de 08:00 a 09:00 AM, con el objeto de no interferir en las actividades escolares y deportivas programadas (...)".

[X] Fiscalizado con reparos:

- **X*.B:** O artigo 28.1.da LCSP esixe que a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas sexan determinadas con precisión circunstancia que non se cumpre. A parte de ser unha esixencia legal, a definición do obxecto do contrato é primordial para a determinación do prezo e para que o licitador coñeza o detalle da prestación a realizar.

- **X*.C:** incumprimento do artigo 116.4.c da LCSP xa que non se xustifica no expediente: 1) a elección dos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato nin as condicións especiais de execución do mesmo, 2) o cálculo do valor estimado do contrato, especialmente no que respecta ao apartado MENUS do servizo de catering, xa que se establecen as cuantías a tanto alzado e sen ter en conta as características específicas dos alimentos e bebidas a subministrar algo que resulta imprescindible para a correcta determinación do prezo.

- **X*.D:** incumprimento do artigo 126 LCSP xa que non se xustifica que os criterios que figuran no Prego de Prescricións Técnicas proporcionan aos empresarios acceso en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e non teñen por efecto a creación de obstáculos inxustificadas á apertura da contratación pública á competencia.

- **X*.E:** incumprimento do artigo 145.5 LCSP xa que non se xustifica no expediente que os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato cumpren os requisitos do citado artigo."

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1171/2023 do 4 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1172/2023, do 4 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Aprobar o expediente para a contratación da organización e execución da XV Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre o día 21.01.2024 mediante o procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP cunha pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, cun valor estimado de 32.320,21 euros e cun orzamento base de licitación de 33.607,29 euros (IVE incluído).

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: wnLWiN4lrUy36QhMo4v7) e de prescricións técnicas (CVD: UUurXY2eb2bNjTYylu50).

Terceiro: Aprobar o gasto polo importe de 33.607,29 € con cargo á partida orzamentaria 231 22611 do orzamento en vigor.

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 16 do PCAP, désígnanse como integrantes do órgano de asistencia á coordinadora de servizos sociais (ou persona que legalmente a substitúa) e á técnica de xestión de administración xeral dona Verónica María Otero López.

Quinto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 10 de novembro de 2023 (CVD: qsVPura2UED5xN6uVsTi), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN, SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN E XESTIÓN ORZAMENTARIA, MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA, REXISTRADO DE ENTRADA O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2023, DE COMUNICACIÓN RELATIVA Á TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE ADHESIÓN A DIFERENTES ACORDOS MARCO.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local do escrito da Subdirección Xeral de Coordinación e Xestión Presupostaria, Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda e Función Pública, rexistrado de entrada o día 30 de outubro de 2023, que redactado en castelán se transcribe a seguir:

“Se ha recibido en esta Dirección General la solicitud de adhesión a los Acuerdos Marco 23/2021 suministro de energía eléctrica, 14/2022 vehículos automóviles de turismo y 19/2022 suministros de motocicletas y ATV/QUADS, emitidas por la Junta de Gobierno Local del Ayuntamiento de Cambre (A Coruña), en fecha 10 de octubre de 2023.

El Ayuntamiento de Cambre se encuentra adherido genéricamente al sistema estatal de contratación centralizada por Resolución de esta Dirección General de fecha 15 de febrero de 2023.

La adhesión a los acuerdos marco del sistema estatal de contratación centralizada se articula en dos fases, genérica e específica. La primera es una simple manifestación de voluntad de integrarse en el régimen general de funcionamiento del sistema, en tanto que la específica supone la adhesión a un acuerdo marco concreto, a la cual solo pueden acceder las entidades que, previamente, se han adherido con carácter genérico. Por tanto, las solicitudes de adhesión específica a los acuerdos marco se tramitan una vez que ha tenido lugar la adhesión genérica al sistema estatal de contratación centralizada y, además, dicha entidad figura ya, expresamente, en los pliegos de cláusulas administrativas particulares (PCAP,s) de los acuerdos marco, de conformidad con el artículo 33.2 de la Directiva 2014/24/UE, del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febrero de 2014, sobre contratación pública.

De ahí que, dado que los Acuerdos marcos citados comenzaron a tramitarse antes del 15 de febrero de 2023, fecha de la adhesión genérica de ese Ayuntamiento, y por tanto ésta no pudo ser incluida, en calidad de entidad adherida genéricamente, en los PCAP correspondientes, lamentamos comunicar que no resulta posible tramitar las adhesiones específicas solicitadas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Finalmente, se recuerda que esta Dirección General ya viene incluyendo de oficio al Ayuntamiento de Cambre en los PCAP,s de todos los acuerdos marco o sistemas dinámicos de adquisición cuya tramitación haya comenzado a efectuarse a partir del 15 de febrero de 2023, lo que dará derecho a esa entidad a solicitar, en su momento y si ello fuera de su interés, la correspondiente adhesión específica.

Puede consultar el procedimiento de adhesión y sus posibilidades, así como descargar los correspondientes modelos de solicitud, en la siguiente dirección: <https://contratacioncentralizada.gob.es/comomeadhiero>.

Además, en el siguiente enlace puede accederse al contenido de los distintos acuerdos marco: <https://contratacioncentralizada.gob.es/catalogo>".

5.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, que comezan coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Réxime Interior núm. 1767/2023, de data 3 de novembro e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 1816/2023, de data 9 de novembro, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1767/2023	03-11-2023	Cesar con data 5 de novembro do 2023 ao policía local JMBA na comisión de servizos voluntaria que viña prestando no posto de policía local vacante deste concello por petición expresa del
1768/2023	03-11-2023	Cesar con data 5 de novembro de 2023 á administrativa interina IPP polo transcurso do prazo máximo de duración de nove meses dentro de un período de dezaioito meses do seu nomeamento por exceso ou acumulación de tarefas, de conformidade cos artigos 23.2 d) e 24.3 c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
1769/2023	03-11-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de novembro de 2023
1770/2023	03-11-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 26 m ² de vía pública na parte traseira do edificio sito na rúa Muiños, parroquia de O Temple, dende o 9 de outubro ata o 9 de novembro de 2023, con motivo das obras de revestimento da fachada posterior do edificio, obras que contan co pertinente título habilitante trala presentación da comunicación previa de obras. Solicitante: CdeP
1771/2023	03-11-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes, por inscrición indebida a DMS por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1772/2023	03-11-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes, por inscrición indebida a JAdelaCP por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1773/2023	03-11-2023	Aprobar o padrón do prezo público actividades extraescolares en



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		períodos vacacionais "Campamento urbano de verán 2023" (3ª quenda: do 1 ao 14 de agosto de 2023), e os importes correspondentes por un importe total de 7.191,00€. Aprobar o padrón do prezo público actividades extraescolares en períodos vacacionais "Campamento urbano de verán 2023" (4ª quenda: do 17 ao 31 de agosto de 2023), e os importes correspondentes por un importe total 5.693,60 €
1774/2023	03-11-2023	Aprobar o proxecto para o que se solicita subvención, consistente no mantemento do servizo prestado por unha axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Cambre (AEDL), co fin de desenvolver traballos enmarcados dentro do ámbito do emprego, a formación e a promoción económica dentro do departamento municipal da Axencia de Desenvolvemento Local. Solicitar a subvención, ao abeiro da Orde do 25 de setembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para o mantemento do servizo prestado pola axente de emprego e desenvolvemento local BCP dentro da Rede de Técnicos de Emprego da Xunta de Galicia
1775/2023	03-11-2023	Aprobar a realización do concerto na honra de Santa Icída da Banda de Música Sementeira de Cambre, a celebrar o sábado 25 de novembro de 2023 no auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo. Autorizar un gasto de 137,60 euros en concepto de taxa pola ocupación da instalación mencionada
1776/2023	03-11-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes, por inscrición indebida a MARP, por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1777/2023	03-11-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JGG para a poda das árbores existentes na finca sita no lugar de Piñeiro, Brexo (San Paio), que invaden a vía pública, afectando a infraestruturas de iluminación pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1778/2023	03-11-2023	Requirir a MdelaCBV e FJCS para que, en cumprimento da sentenza do xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña do día 15 de setembro de 2023, recaída no procedemento contencioso-administrativo PO 22/2022, leven a cabo a demolición das obras realizadas na parcela sita en Barreira, Cambre, sen título habilitante, ao non ser legalizables por exceder das obras de mantemento e conservación
1779/2023	03-11-2023	Iniciar procedemento sancionador a MdelaCBV e FJCS para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da realización das obras na edificación e finca sitas na Barreira, Cambre, sen licenza municipal



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		nin comunicación previa
1780/2023	03-11-2023	Desestimar o recurso de reposición presentado por CPC contra a resolución núm. 1397/2023 de data 28/08/2023 do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación polos motivos que constan no informe proposta do coordinador de actividades culturais e educativas e do concelleiro de Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación de data 26 de outubro de 2023
1781/2023	03-11-2023	Aprobar a xustificación presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 6.5) do convenio asinado co ANPA A Curuxa do CEIP Portofaro para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2021/2022
1782/2023	03-11-2023	Declarar o estado de ruína da edificación sita en Roncesvalles, parroquia de Brexo, ao presentar esta, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal, un agotamento dos seus elementos estruturais fundamentais e exceder o custo das obras necesarias da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Ordenar a CEM e aos herdeiros de AMM a demolición da citada edificación dentro do prazo 3 meses a contar a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución
1783/2023	03-11-2023	Declarar o estado de ruína da edificación sita en Lendoiro, parroquia de Cecebre, ao presentar esta, de acordo co informe emitido polo arquitecto municipal, un agotamento dos seus elementos estruturais fundamentais e exceder o custo das obras necesarias da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Ordenar a ALE a demolición da citada edificación dentro do prazo 2 meses a contar a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución
1784/2023	03-11-2023	Conceder a licenza municipal solicitada para a ocupación de 16 m ² de vía pública cun andamio e contedor de obra na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple, dende o 1 de novembro ata o 30 de novembro de 2023, con motivo das obras de impermeabilización de catro terrazas existentes no edificio sito na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple, obras que contan co pertinente título habilitante trala presentación da comunicación previa de obras. Solicitante: CS, S.L.
1785/2023	06-11-2023	Avocación de competencias da concelleira delegada da área de Benestar Social dona María Mercedes Prieto Lamas do día 10 ao 13 de novembro de 2023, ambos incluídos
1786/2023	06-11-2023	Iniciar expediente de orde de execución a 2020 Cp S.L. para a xestión da biomasa existente na finca sita en Fiz Cotobelo, Cecebre, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

1787/2023	06-11-2023	Recurso contencioso-administrativo PA 155/2023 de JCG contra o Concello de Cambre por construcións en Fraís, Cecebre sen adaptarse á comunicación previa presentada. Comparecer no procedemento citado perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á asesoría xurídica da excma. Deputación provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988
1788/2023	06-11-2023	Declarar a caducidade do expediente nº 2023/I004/000001, ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado aos interesados resolución expresa. Iniciar expediente de orde de execución a LMCg e MRP, co fin de que reparen o muro de pedra existente na finca sita en Eira de Arriba, Cambre, que se derrubou cara o camiño municipal 1C.1.0074, impedindo a circulación polo mesmo e co conseguinte perigo de que siga derrubándose, de acordo co disposto polos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
1789/2023	07-11-2023	Cesar con data 7 de novembro do 2023 a JAPG como inspector-xefe da Policía Local de Cambre a petición expresa del, para o seu reingreso ao posto de inspector da Policía Local do Concello da Coruña, administración de orixe
1790/2023	07-11-2023	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 172, letra C, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de LRR, falecido o día 23 de febreiro de 2023. Solicitante: MCL
1791/2023	07-11-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 121, letra C no cemiterio municipal de Cambre - ao obxecto de inhumar o cadáver de JdelalV falecido o día 29 de xaneiro de 2023 e cuxas cinzas foron inhumadas en dito nicho en data 1 de febreiro de 2023. Solicitante: CNO
1792/2023	07-11-2023	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 132, letra C no cemiterio municipal de Cambre ao obxecto de inhumar o cadáver de MRFC falecida o día 28 de febreiro de 2023 e cuxo cadáver foi inhumado en dito nicho en data día 2 de marzo de 2023. Solicitante: MSCF
1793/2023	07-11-2023	Autorizar a transmisión do dereito de uso da urna perimetral sinalada co número 115, letra D no cemiterio municipal de Cambre en favor de MLCdelal
1794/2023	07-11-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 20 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JACC, e anotar a tal efecto o citado visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi) con efectos da data desta resolución



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1795/2023	07-11-2023	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 172, letra D, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de LFT, falecido o día 1 de marzo de 2023. Solicitante: JLFL
1796/2023	07-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 2.1 da ordenanza reguladora, non reúne o requisito de empadramento no municipio de Cambre polo menos con 3 menos de antelación en relación á data da solicitude, para poder ser beneficiario. Solicitante:ZVML
1797/2023	07-11-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes, por inscrición indebida a JCCB por non residir no domicilio onde esta empadroadado, nin constar a súa residencia habitual neste municipio incumpríndose co establecido no artigo 54.a do Real Decreto 1690/1986 do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1798/2023	07-11-2023	Designar á tesoureira municipal IBM como interlocutora única para o desenvolvemento das funcións previstas no convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de subministración de información de carácter tributario ás Entidades locais, ao cal se encontra adherido esta entidade local
1799/2023	07-11-2023	Modificación resolución nº 1510/2023 de data 18/09/2023 sobre a aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas da axenda de verán da axenda de verán do Programa de escolas de actividade física e saúde ano 2023
1800/2023	08-11-2023	Modificación decreto num. 1491/2023 de data 14/09/2023 sobre a aprobación dos padróns dos prezos públicos por actividades xuvenís do programa O Verán Xa Está de campamentos de verán da OMIX 2023
1801/2023	08-11-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Especial de Contas do día 30 de novembro de 2023
1802/2023	08-11-2023	Modificación decreto nº 1493/2023 de data 14/09/2023 sobre a aprobación do padrón do prezo público por actividades extraescolares en periodos vacacionais: "Campamento urbano de verán 2023" (1ª quenda: do 3 ao 14 de xullo de 2023 e 2ª quenda: do 17 ao 31 de xullo de 2023)
1803/2023	08-11-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes, por inscrición indebida a JM e DSA por non residir no nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
1804/2023	08-11-2023	Incoar expediente para dar de baixa de oficio no Padrón municipal de habitantes, por inscrición indebida a DGG, APB, FNG e VGG por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais

1805/2023	08-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 23.7, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: ERS
1806/2023	08-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: TBS
1807/2023	08-11-2023	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 12 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, durante o tempo restante ata cumprir o máximo de 18 meses, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e a técnica profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza. Solicitante: EMG
1808/2023	08-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: SVGJ
1809/2023	08-11-2023	Aprobar, con efectos do 2 de setembro de 2023, a relación de solicitudes admitidas das persoas participantes na actividade: curso de Monitor/a de actividades de tempo libre do programa "TransFórmate" 2023
1810/2023	07-11-2023	Conceder a ampliación do prazo da licenza municipal concedida mediante resolución núm. 1355/2023, do 11 de agosto, do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos, para a ocupación de 20 metros lineais de vía pública fronte ao citado edificio, dende o 1 de novembro ata o 30 de novembro de 2023, para a instalación dun andamio con motivo das obras de reparación e impermeabilización da súa fachada, obras que contan co preceptivo título habilitante. Solicitante: CdeP do edificio sito nas rúas Otero Pedraio, núms. 7-9-11, e Fernando Buesa, núm. 1, parroquia do Temple
1811/2023	08-11-2023	Aprobar a xustificación presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 7.5) do convenio asinado coa Asociación de Nais e Pais do Colexio Público de Sigrás para o desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2021/2022
1812/2023	08-11-2023	Aprobar a xustificación presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre, segundo o establecido na cláusula primeira apartado 7.5) do convenio, correspondentes ao convenio asinado coa Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o

		desenvolvemento das actividades extraescolares do curso 2021/2022
1813/2023	08-11-2023	Desestimar o recurso de reposición presentado por M ^a ANA contra a resolución núm. 1397/2023 de data 28/08/2023 do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación polos motivos expostos polo coordinador de actividades culturais e educativas e concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Deportes, Xuventude e Educación
1814/2023	08-11-2023	Denegar a axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2 ao superar o límite de ingresos da unidade de convivencia establecido en dito artigo. Solicitante: TBSS
1815/2023	08-11-2023	Conceder a licenza para a adecuación do local comercial, así como o seu cambio de uso de local comercial a vivenda no edificio sito na rúa Pintor Pablo Manzano, Cambre, con licenza de obra nº 01/83/2000 concedida por acordo da Comisión de Goberno de data 06 de agosto de 2001. Solicitante: AGMC
1816/2023	09-11-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de facturas de data 29 de setembro de 2023. Aprobar as facturas por un importe total de 8.798,24 euros

6.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar Alfonso García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo